

FUNCIÓN DE RELACIÓN

A **función de relación** consiste en recibir información do que sucede ao noso arredor e responder de forma axeitada.

Na función de relación interveñen os **órganos dos sentidos** (que captan a información), o **sistema nervioso** (que manda a información o cerebro) e o **aparello locomotor** (formado por ósos e músculos, que levan a cabo a resposta que envía o cerebro).



O SENTIDO DA VISTA

Arrastra cada parte do ollo ata o cadro correcto. Para axudarte, le as definicións en relación a cada número do cadro:

Cristalino


Iris

Pupila

Nervio óptico

Córnea

Retina



1. Por esta parte que é transparente, a luz entra no ollo.
2. Despois de entrar no ollo a luz pasa por este burato redondo.
3. Anel coloreado que rodea a pupila.
4. É a lente que está a continuación do iris.
5. Parte que capta a luz e que está a fondo do ollo.
6. Leva a información ao cerebro.



Iván

O SENTIDO DO OIDO

Arrastra cada parte do oído ata o cadro correcto. Para axudarte, le as definicións en relación a cada número do cadro:

Nervio
auditivo


Orella

Tímpano

Caracol

Conduto
auditivo

Cadea de
osiños




1. Parte exterior do oído.
2. Tubo que continua cara o interior do oído despois da orella.
3. Especie de tea que vibra cos sons.
4. Formado por varios ósos pequenos que se move cando vibra o tímpano.
5. Unida aos osiños e capta finalmente os sons.
6. Leva a información ao cerebro.

O APARELLO LOCOMOTOR

a) Ósos

Arrastra cada óso ata o cadro correcto.

Pelve	Úmero	Cranio
Tibia	Fémur	Cúbito
Clavícula	Radio	Peroné
Omoplata	Esterno	Costelas





b) Músculos

Arrastra cada músculo ata o cadro correcto.

Xemelgos

Abdominais

Glúteos

Bíceps

Peitorais

Cuadríceps

